

**EXTRACTOS ACORDOS ADOPTADOS SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 15 DE XANEIRO DE 2018.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora Accidental.**

D. MARÍA DEL CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚMS 1/2018 E 2/2018 DE DATAS 4 DE XANEIRO DE 2018 E 8 DE XANEIRO DE 2018.**

Acordouse aprobar as actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local núm. 1/2018 e núm. 2/2018 dos días 4 de xaneiro de 2018 e 8 de xaneiro de 2018.

**2.- EXPEDIENTE 5824/2017. RENUNCIAS E NOMEAMENTO AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A BIBLIOTECA (BOLSA DE TRABALLO).**

Acordouse aprobar o NOMEAMENTO dun auxiliar administrativo/a para o Departamento de Cultura–Biblioteca Municipal réxime de funcionario interino/a .

**3.- EXPEDIENTE 5630/2017. APROBACIÓN CONVENIO ACTUACIÓN "OS TONECHOS" O DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2018.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**4.- EXPEDIENTE 24/2018. ALTA VADO MARUJA GUTIERREZ, 16 – BAIXA.**

Acordouse autorizar a alta na Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do vado permanente núm placa 712.

**5.- EXPEDIENTE 117/2018. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ADQUISICIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS E MELLORA DE COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS.**

*Acordouse acollerse a ORDE do 22 de novembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convoca para o ano 2018.*

**6.- EXPEDIENTE 93/2018. AUTORIZACIÓN.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**7.- EXPEDIENTE 133/2018. PROCEDIMENTO XENÉRICO.**

Acordouse conceder autorización municipal para o uso da Praza da Igrexa de Lalín o día 25 de febreiro de 2018 con motivo da celebración da VIIª Ruta de Clasicos do Cocido.

**8.- EXPEDIENTE 5830/2017. SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DE AUTORIZACIÓN DE USO DAS CÁMARAS DE VIDEOVIXILANCIA DO CONTORNO DA CASA CONSISTORIAL.**

Acordouse solicitar a renovación da autorización de uso das cámaras de videovixilancia do contorno da Casa Consistorial.

**9.- EXPEDIENTE 11/2018. PROCEDEMENTO XENÉRICO.**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 4.000 euros + IVE (Total 4840 euros) imputable á aplicación orzamentaria 151.227.06 do presuposto municipal vixente para a actuación denominada “*ESTUDIO BÁSICO DAS ACTUACIÓNS NA CONTORNA DO MANUEL RIVERO*”.

**10.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 215/2018. PROCEDEMENTO XENÉRICO.**

Dáse conta do escrito remitido polo Concello de Rodeiro, de data 22 de novembro de 2017, número de rexistro de entrada 9286, co que achegan certificación do acordo plenario de aprobación da moción conxunta dos grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE e Mixto relativa a que se adopten con carácter definitivo, solucións á problemática dos microcortes eléctricos.

**11.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 176/2018. SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN. APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA PLAN CONCELLOS 2016 (ADQUISICIÓN DUNHA VARREDORA).**

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “ADQUISICIÓN DUNHA VARREDORA” por importe de 44.649,00 euros.

**12.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA**

**APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:  
EXPEDIENTE 80/2018. CP4 OBRAS SUXEITAS A  
COMUNICACIÓN PREVIA.**

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para acondicionamento dunha edificación existente na rúa Xoaquín Loriga, núm. 35-5º dereita-Lalín.

**13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A  
SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:  
EXPEDIENTE 79/2018. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO  
COMÚN (ENXEÑERÍA OBRAS PÚBLICAS).**

Acordouse aprobar o o informe emitido polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas de data 5 de xaneiro de 2018 en relación coa SOLICITUDE OFICINA REXISTRO SOBRE INMATRICULACIÓN DE PARCELA.EN SOMOZA-BOTOS. PARCELA CATASTRAL: 0822808NH7202S0001YD.

**14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A  
SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:  
EXPEDIENTE 32/2018. SELECCIÓN DE PERSOAL E  
PROVISIÓN DE POSTOS.**

Acordouse aprobar o NOMEAMENTO como auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Intervención en réxime de funcionaria interina por exceso ou acumulación de tarefas *de conformidade co artigo 10.1. d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público [BOE núm. 261 do 31/10/2015]* e segundo o disposto nas bases de selección da seguinte aspirante por orde de puntuación na lista da Bolsa de Traballo.

**15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A  
SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:  
EXPEDIENTE 8/2018. PROPOSTA DE GASTO.**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 1.355,20 €, IVE incluído, con destino á contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde para os traballos contemplados no

proxecto de “Acondicionamento interior de 6 vivendas no edificio rúa Manuel Rivero, 5”, a executar polo Obradoiro de Emprego Rivero Social Lalín II.

**16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 6050/2017. CONCESIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO.**

Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 20/2012 con carácter DEFINITIVO.

**17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 6030/2017. CONCESIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO.**

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 29/2017, con carácter DEFINITIVO.

**18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5971/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.**

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para acondicionamento da edificación existente na rúa Wenceslao Calvo Garra, núm. 6-4º E-Lalín.

**19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5916/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.**

Acordouse A INEFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a construción dun galpón na parcela con referencia catastral 2131106NH7223S0001EG, en Donramiro-Lalín.

**20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A**

**SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:  
EXPEDIENTE 5817/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO  
COMÚN (CONTRATACIÓN ADMINISTRACIÓN).**

Acordouse Prorrogar de mutuo acordo o contrato administrativo denominado “SERVIZO DE SUBSTITUCIÓN DOS GANDEIROS.

**21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A  
SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:  
EXPEDIENTE 5443/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A  
COMUNICACIÓN PREVIA.**

Acordouse A INEFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para reforma dunha edificación existente na rúa Rodo núm.22 – Lalín.

**22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A  
SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:  
EXPEDIENTE 4847/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS  
MAIORES.**

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para construción de explotación de galiñas campeiras (visado nº 130/17 en data de 01/09/2017), na parcela de referencia catastral rústica nº 36024A120002070000BT, na parroquia de Maceira-Lalín.

**23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A  
SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:  
EXPEDIENTE 3520/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A  
COMUNICACIÓN PREVIA.**

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para reparación de cuberta do edificio do Centro Comercial Deza-Lalín.

**24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A  
SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:  
EXPEDIENTE 1083/2017. LICENZA DE OBRA.**

Acordouse a PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA para ampliación de cebadeiro de porcino, situado nunha parcela con referencia catastral 36024A136003170000BF, próxima a Alperiz-Lalín.

**25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 183/2018. ACTUACIÓN PREPARATORIAS DUN PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN.**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto total por importe de 19.749,62 € (IVE incluído), conforme aos presupostos que se achegan a esta proposta, imputable á aplicación orzamentaria 338.226.09 do presuposto municipal vixente para a realización do Concerto de Treixadura e para a realización do Concerto de “80 Y CUANTOS” .

**26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 66/2018. AIS CONCELLO.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe de 36,94 €.

**27.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5499/2017.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 169,24€.

**28.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4879/2017. CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

Acordouse Iniciar o expediente de contratación denominado procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración

dos “SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O APOIO, XESTIÓN E SEGUIMENTO DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS, ASÍ COMO PARA A COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DA ESTRATEXIA DUSI “LALÍN SSUMA-21”, COFINACIADA NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) MEDIANTE O PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE (POCS) 2014-2020”.

**29.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 234/2018. CONVENIO DE ADHESIÓN REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS 2018.**

Acordouse ratificar o Convenio de adhesión *Rede Galega de Teatros e Auditorios 2018*.

**30.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3032/2017. LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

Acordouse CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN para a porción da propiedade urbana da finca pertencente á parcela rexistral nº 38.372 que ten a referencia catastral nº 8284101NH6288S0001AB no lugar de Mato, parroquia de Méixome - Lalín.

**31.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: Expediente 5599/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (CONTRATACIÓN ADMINISTRACIÓN).**

Acordouse aprobar a modificación dos contratos de subministración denominados:

- “SUBMINISTRO DE CARPAS E STANDS PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS VENCELLADOS Á FEIRA DO COCIDO.” (CSU012017). Lote 3: Stands para a carpa do Campo da Feira.
- “SUBMINISTRACIÓN DUNHA CARPA IGLÚ PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS VENCELLADOS Á FEIRA DO COCIDO” (CSU052017).



**32.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: Expediente 5156/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (CONTRATACIÓN ADMINISTRACIÓN).**

Acordouse Aceptar a renuncia solicitada por unha empresa Lote 1: Colaboración para a difusión da Feira do Cocido e corrixir o apartado primeiro do punto núm. 2 da acta da sesión celebrada o día 4 de xaneiro de 2018.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:05 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.